



Intemperias Correspondencias interartes con Xela Arias

Libraría Numax | Abril-outubro 2021

Sábado 21 de agosto | 13:30*



JOIA RARA Ou subir ou partir as caléndulas

Intemperias, correspondencias interartes con Xela Arias é un proxecto comisariado por Charo Lopes para a Libraría Numax. Ten como aliecer activar a pegada de Xela Arias: a sororidade instintiva, a desobediencia fronte a equilibrio inxusto, a creatividade e a experimentación coa palabra son a base para que novas artistas dialoguen hoxe coa poeta falecida en 2003. Este é o punto de partida. O desafío? Transformar o estímulo literario da autora homenaxeada este ano coa celebración do Día das Letras Galegas en outra cousa. A partir da poesía, desenvolver cadansúa obra-homenaxe, tendo como escenario privilexiado o propio espazo da Libraría.

Para isto contaremos con cinco artistas diferentes, en cinco citas entre abril e outubro, que desenvolverán unha parte do seu proceso creativo no espazo da libraría, en horario de apertura ao público. Un happening a acontecer entre a bibliografía básica e complementaria dos andeis de NUMAX, para desenvolver cinco disciplinas diferentes: a fotografía, a música, a ilustración, o téxtil e a cerámica.

Jóia Rara é a dupla musical formada por Acacia Ojea (Vigo, 1994) e Marta Gilino (Ames, 1991). A partir da complicidade entre ambas, nace un proxecto sonoro que pretende abrir posibilidades para imaxinar relacións entre a tecnoloxía, a identidade e o son como categoría estética e crítica. Acacia Ojea estuda na actualidade o Máster en Composición Electroacústica e Novos Medios no Centro Superior de Música Katarina Gurska (Madrid), como creadora e curadora de música electrónica traballa co nome artístico de Akazie. Marta Gilino, coñecida como Russinha, participou do colectivo musical «Mulheres na Batida» e no dúo «Côco Dança Estímulo». Nos últimos catro o seu nome consolidouse na encena galega, tendo participado en numerosos festivais e facendo sesións en diferentes salas do país.

Ou subir ou partir as caléndulas. A proposta de Jóia Rara é unha intervención sonora que se articula a través de estímulos sonoros, rítmicos e fonéticos. Pensando na libraría coma un refuxio, a intención da peza é ocupar este espazo de xeito sónico abrindo a posibilidade de atender activamente ás emocións que emerxen desde a escoita. A instalación estará artellada co uso de fontes de son dixitais e físicas, arquivos de audio, rexistro de sons en directo, técnicas como a síntese de son a través da creación de autómatas ou o emprego de fenómenos acústicos.

Co apoio da

NUMAX



Deputación
DA CORUÑA

*Prazas limitadas

Reserva previa en comunicacion@numax.org